

c) O artigo 46, que regula o contido do informe de xestión, prevé no seu número 3 que os Estados membros poderán permitir que as sociedades previstas no mencionado artigo 11 non estean obrigadas a elaborar o informe de xestión, sempre que inclúan na memoria os datos relativos á adquisición de accións propias a que se refire o número 2 do artigo 22 da Directiva 77/91/CEE, do 13 de decembro de 1976.

d) O artigo 47.1 dispón que as contas anuais, o informe de xestión e o informe de auditoría serán obxecto de publicidade efectuada segundo as formas previstas pola lexislación de cada Estado membro de conformidade co artigo 3 da Directiva 68/151/CEE do Consello, do 9 de marzo de 1968. Nos seus números 2 e 3 prevé que os Estados membros poidan atenuar estas exixencias de publicidade ás sociedades mencionadas nos artigos 11 e 27, respectivamente.

O artigo 51.1 exige que as contas anuais das sociedades sexan auditadas por unha ou varias persoas habilitadas polos Estados membros para realizaren auditorías legais de documentos contables en virtude da Oitava Directiva 84/253/CEE do Consello, do 10 de abril de 1984. No seu número 2 prevé que os Estados membros poidan eximir desta obriga as sociedades mencionadas no artigo 11.

Ao abeiro destas circunstancias, e para transpor correctamente a Directiva 2003/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2003, e de que as empresas españolas contén cunhas normas contables tecnicamente preparadas para permitir a comparabilidade da súa información económico-financieira coa das empresas dos restantes Estados membros da Unión Europea, procede modificar o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

A modificación que se propón alcanza exclusivamente os artigos 181 e 190 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, en virtude dos cales se traspuxeron os artigos 11 e 27 da Cuarta Directiva. Os artigos 202, 218 e 203 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas que versan sobre as materias reguladas nos artigos 46 (informe de xestión), 47 (publicidade) e 51 (auditoría), respectivamente, non precisan ser modificados, dado que a dispensa que neles se prevé se regula por remisión aos citados artigos 181 e 190.

Artigo único. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.*

O texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un número 4 ao artigo 181, coa seguinte redacción:

«4. As sociedades cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea non poderán formular balance abreviado.»

Dous. Engádesse un número 4 ao artigo 190, coa seguinte redacción:

«4. As sociedades cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea non poderán formular conta de perdas e ganancias abreviada.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7319 *LEI 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeira.* («BOE» 98, do 25-4-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

O paso dun Exército de leva obrigatoria ao modelo de profesionalización vixente non satisfizo as expectativas previstas, nin permitiu atinxir os obxectivos canto ao continxente de tropa e mariñeira establecido na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

A temporalidade e outros condicionantes en que se sustenta o actual modelo deu lugar a un elevado fluxo de entradas e saídas de soldados e mariñeiros que, finalmente, xeraron inestabilidade e conduciron a unha situación de encoramento en que non se alcanza o número de efectivos que se considera necesario.

Os países da nosa contorna, cunha maior experiencia na implantación dun modelo plenamente profesional de Forzas Armadas, fan un uso máis racional dos seus recursos humanos, aproveitan durante un maior tempo a experiencia profesional adquirida, adecúan as idades do persoal ás misións que van desenvolver e garanten ao soldado e mariñeiro unha vinculación coas Forzas Armadas máis prolongada, que incide na estabilidade e eficacia do sistema e mellora as súas expectativas persoais.

Esta lei establece un novo sistema coa finalidade principal de consolidar a plena profesionalización. Para conseguir este obxectivo posibilitáase ao soldado e mariñeiro unha prolongada relación temporal coas Forzas Armadas e, ao seu termo, un abano de saídas laborais e unhas medidas socioeconómicas que teñen en conta os anos de servizo realizados, coa pretensión de que prestar servizo nas Forzas Armadas se configure como unha opción máis atractiva para moitos dos nosos mozos.

Os cambios que se introducen pretenden consolidar a plena profesionalización das nosas Forzas Armadas a través da mellora dos niveis de modernización, eficiencia e cualificación, que, por outra parte, deberán ser obxecto da adopción doutras medidas non relacionadas directamente co réxime de persoal das nosas Forzas Armadas.

O modelo definido nesta lei garante aos soldados e mariñeiros a posibilidade de completar a súa traxectoria profesional comezando a súa relación de servizos cun compromiso inicial renovable até seis anos de duración e ofrecéndolles a opción de subscribir outro de longa duración que chegará até os 45 anos de idade, durante a vixencia do cal poderán acceder á condición de soldados permanentes.

Alcanzados os 45 anos, e no caso de non se ter adquirido a condición de soldado permanente, cesa a relación

de servizo activo nas Forzas Armadas, accedendo o militar profesional de tropa e mariñeiría que así o decida e cumprise ao menos 18 anos de servizo, á condición de reservista de especial dispoñibilidade, e con ela ao dereito a percibir mensualmente unha asignación económica.

O compromiso de longa duración e a figura do reservista de especial dispoñibilidade son as pezas máis singulares do novo modelo, semellantes ás implantadas nos países da nosa contorna, onde demostraron a súa eficacia.

Esta lei tamén lle recoñece, en certos supostos, ao militar profesional de tropa e mariñeiría que resolva o seu compromiso de longa duración unha prima en función dos anos de servizo que prestase, cando non acceda á condición de reservista de especial dispoñibilidade.

As medidas contidas nesta lei tamén serán de aplicación a aqueles militares profesionais de tropa e mariñeiría que tivesen que abandonar as Forzas Armadas, por razón da idade ou os anos de servizo establecidos na Lei 17/1999, do 18 de maio, ás cales se permite a súa reincorporación.

Para os que opten por limitar a súa permanencia nas Forzas Armadas aos anos previstos no compromiso inicial, esta lei inclúe o recoñecemento do tempo servido nos Exércitos como mérito no acceso ás administracións públicas, a reserva de prazas para o ingreso na Garda Civil e no Corpo Nacional de Policía, unha mellora nos sistemas de formación profesional e programas de incorporación laboral a concertar cos empresarios. Preténdese con isto facer atractivo e útil o servizo, por tempo limitado, nos nosos Exércitos.

Aos cidadáns estranxeiros permíteselles ampliar a duración da súa relación de servizos coas Forzas Armadas até seis anos. Con esta maior permanencia téntase darlles máis estabilidade e mellorar o seu grao de integración na sociedade española.

O contido desta lei, ao establecer un novo modelo de tropa e mariñeiría, adiántase á necesaria reforma que exige a carreira do militar profesional, na cal se deberá adoptar un renovado deseño para adaptala ás circunstancias e necesidades que derivan das exixencias actuais.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da lei.*

1. É obxecto desta lei establecer medidas dirixidas a consolidar a plena profesionalización da tropa e mariñeiría das Forzas Armadas.

2. Esta lei é de aplicación aos militares de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas.

Artigo 2. *Efectivos.*

1. O número de militares profesionais de tropa e mariñeiría na situación de servizo activo fíxase tendo en conta as necesidades derivadas do planeamento da defensa militar e os créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. O ministro de Defensa fixará bienalmente as cadros de persoal dos Exércitos, especificando os que corresponden a cada un dos distintos empregos e especialidades e os que se asignan aos que manteñen unha relación de servizos de carácter permanente.

CAPÍTULO II

Acceso e adquisición da condición de militar de tropa e mariñeiría

Artigo 3. *Acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría.*

1. Para o acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría cómpre reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dos países que regulamentariamente se determinen de entre aqueles que manteñen con España especiais vínculos históricos, culturais e lingüísticos.

b) Non estar privado dos dereitos civís.

c) Carecer de antecedentes penais e non ter aberto en calidade de procesado ou imputado ningún procedemento xudicial por delito doloso.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin acharse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

e) Ter cumpridos 18 anos e non máis de 27.

f) Estar en posesión da titulación do sistema educativo xeral exixida na convocatoria.

g) Superar as probas selectivas que se determinen en cada convocatoria.

2. Para o acceso dos estranxeiros a militar profesional de tropa e mariñeiría exixírase, alén dos requisitos establecidos no número anterior, encontrarse en España en situación de residencia legal.

3. O ingreso nos centros docentes militares de formación efectuarase mediante convocatoria pública a través dos sistemas que se determinen pola lei, nos cales se garantirán os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Artigo 4. *Adquisición da condición de militar profesional de tropa e mariñeiría.*

A condición de militar profesional de tropa e mariñeiría adquirese ao obter o emprego de soldado ou mariñeiro concedido polo Xefe de Estado Maior do Exército correspondente, unha vez superado o período de formación xeral militar establecido na convocatoria de probas selectivas para o acceso a tal condición e asinado o compromiso inicial que se establece no artigo 7, e en virtude do cal ficará incluído no réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

Artigo 5. *Encadramento.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría encadranse no Exército de Terra, na Armada ou no Exército do Aire e adquirirán de forma optativa as especialidades que determine o ministro de Defensa.

CAPÍTULO III

Compromiso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría

Artigo 6. *Modalidades de relación de servizos.*

1. A relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas establécese coas seguintes modalidades:

a) O compromiso inicial, renovable até completar un máximo de 6 anos.

b) O compromiso de longa duración, até os 45 anos de idade, ao cal se accederá desde o compromiso inicial.

c) A condición de permanente, á cal se poderá acceder durante a vixencia do compromiso de longa duración.

2. Esta relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas, en calquera das súas modalidades, é unha relación xurídico-pública de carácter especial que se establece mediante a sinatura do compromiso e se rexe por esta lei. Para os efectos da duración dos compromisos, enténdese como tempo de servizos o transcorrido na situación de servizo activo e nas demais situacións administrativas reguladas legalmente en que así se especifique.

Artigo 7. *Compromiso inicial.*

1. O compromiso inicial será suscrito de forma inmediata e voluntaria por aqueles aspirantes a militar profesional de tropa e mariñeiría que superasen a formación xeral militar. Neste compromiso inicial especificaranse en todo caso a súa duración e o destino, así como outras circunstancias relacionadas coa traxectoria profesional do soldado e mariñeiro, que en todo caso formarán parte da información xeral que se lles facilite antes de se iniciaren como alumnos do centro militar de formación.

2. A duración do compromiso inicial, contada desde o nomeamento como alumno do centro militar de formación, será de 2 ou de 3 anos de acordo coa convocatoria correspondente. A data deste nomeamento será igualmente a de inicio para o cómputo do tempo de servizos e o dereito á percepción de haberes.

Artigo 8. *Renovacións de compromiso.*

1. O compromiso inicial poderase renovar, por períodos de 2 ou 3 anos, axustando en todo caso a última renovación até alcanzar un máximo de 6 anos de servizos.

2. Para as renovacións de compromiso será preceptivo ter sido avaliado previamente e declarado idóneo. As condicións, requisitos e procedementos para as renovacións de compromiso serán establecidos polo ministro de Defensa.

3. Non poderán ser renovados os compromisos daqueles estranxeiros que perdesen a condición de residente legal en España.

Artigo 9. *Compromiso de longa duración.*

1. O compromiso de longa duración poderano subscribir aqueles militares profesionais de tropa e mariñeiría que, con máis de 5 anos de servizos, posúan a nacionalidade española e fosen avaliados previamente e declarados idóneos. As condicións, requisitos, títulos do sistema educativo xeral e procedementos para subscribir este compromiso serán establecidos polo ministro de Defensa.

2. No documento de formalización do compromiso de longa duración farase referencia expresa á aplicación das regras xerais sobre provisión de destinos e mobilidade dos militares profesionais e das circunstancias relacionadas coa súa traxectoria profesional, en particular a especialidade e a posibilidade de cambio a outras novas, conforme o determinado no artigo 14.

3. Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que subscribisen o compromiso de longa duración, para os efectos retributivos e de fixación dos haberes reguladores para a determinación dos dereitos pasivos do persoal militar, correspóndelles o grupo D de clasificación dos funcionarios ao servizo das administracións públicas. A partir do inicio deste compromiso de longa duración existirá o dereito a percibir trienios, computándose para

estes efectos o tempo de servizo desde a data do compromiso inicial.

4. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que subscribisen un compromiso de longa duración poderán pasar á situación de servizos especiais e excedencia voluntaria nos mesmos supostos e condicións que os militares de carreira, salvo pola causa de resolución prevista no artigo 10.2.d).

Artigo 10. *Finalización e resolución do compromiso de longa duración.*

1. O compromiso de longa duración finalizará cando o militar profesional de tropa e mariñeiría cumpra 45 anos de idade.

2. Este compromiso resolverase por algunha das seguintes causas:

- a) Por petición expresa do interesado cun aviso previo de 3 meses.
- b) Pola adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de complemento.
- c) Polo ingreso nun centro de formación da Garda Civil ou da Policía Nacional.
- d) Polo ingreso en corpos e escalas de funcionarios ou adquisición da condición de persoal laboral fixo das administracións públicas e organismos públicos dependentes delas. Para estes efectos, terán a mesma consideración o nomeamento como funcionario en prácticas e a designación para realizar os períodos de proba nos procesos selectivos de persoal laboral.
- e) Polo acceso á condición de permanente.
- f) Pola perda da nacionalidade española.
- g) Por insuficiencia de facultades profesionais.
- h) Por insuficiencia de condicións psicofísicas.
- i) Pola imposición de sanción disciplinaria extraordinaria por aplicación da Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
- j) Por condena por delito doloso.

3. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que resolvan o seu compromiso polas causas previstas nas alíneas 2.c) e d) e non completen o seu acceso á Garda Civil e á Policía Nacional ou como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo nas administracións públicas, poderanse reincorporar ao compromiso de longa duración coas Forzas Armadas, nas mesmas condicións en que se encontraban ao cesaren no seu compromiso.

4. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría cuxo compromiso se resolva polas causas previstas nas alíneas 2. a), g) e h), teñan cumprido un mínimo de 10 anos de servizos e teñan permanecido na situación de servizo activo ao menos os dous últimos anos anteriores á resolución dese compromiso, terán dereito a percibir unha prima por servizos prestados en función dos anos de permanencia nas Forzas Armadas desde a data do compromiso inicial e outras circunstancias que regulamentariamente se determinen. En todo caso, a prima por servizos prestados atribuída como consecuencia da resolución do compromiso por insuficiencia de condicións psicofísicas será incompatible coa pensión vitalicia que por esta mesma causa lles puiden corresponder.

5. Tamén terán dereito a percibir a prima por servizos prestados aqueles militares profesionais de tropa e mariñeiría que ao cumpriren a idade de 45 anos non adquiren a condición de reservista de especial dispoñibilidade.

Artigo 11. *Ampliacións de compromiso.*

1. Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que ingresen nun centro docente militar de formación ampliaráselles, se for o caso, o compromiso que tiveren

asinado até a finalización do correspondente período de formación.

2. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que formen parte de unidades militares ás cales se lles asignen misións fóra do territorio nacional, por un período igual ou superior a 3 meses, poderán ampliar o seu compromiso até 15 días despois de que conclúa a misión, se así o solicitan cando o seu compromiso termine durante o desenvolvemento de tales misións.

3. Aos estranxeiros que solicitasen a adquisición da nacionalidade española e cumprisen os 6 anos de servizos poderáselles ampliar o compromiso até un máximo de 3 anos, sen que en ningún caso poidan subscribir o compromiso de longa duración até adquiriren esta nacionalidade.

Artigo 12. *Condición de permanente.*

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que teñan subscrito un compromiso de longa duración poderán acceder á condición de permanente nas prazas que se determinen na provisión anual, conservando o emprego que tiveren. Para participar nos correspondentes procesos de selección, requirírase estar en posesión, como mínimo, da titulación de técnico do sistema educativo xeral ou equivalente, ter cumpridos catorce anos de servizo activo desde o seu ingreso nas Forzas Armadas e as demais condicións que se determinen regulamentariamente, e valorárase especialmente o emprego, os méritos profesionais e os anos de servizos.

2. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que teñan a condición de permanente, a partir dos 45 anos de idade desempeñarán, preferentemente e de acordo coas necesidades dos Exércitos, funcións loxísticas e de apoio á Forza. Para isto, accederán ao ensino de perfeccionamento que se requira.

CAPÍTULO IV

Desenvolvemento da carreira militar

Artigo 13. *Ascensos.*

1. Os ascensos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría aos empregos de cabo, cabo primeiro e cabo maior produciranse con ocasión de vacante e polos sistemas de concurso, concurso-oposición ou elección. Os requisitos e circunstancias exhibibles determinaranse regulamentariamente.

2. Os ascensos dos militares profesionais de tropa e mariñeiría serán concedidos polo xefe de Estado Maior do exército correspondente.

Artigo 14. *Cambio de especialidade.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría poderán cambiar de especialidade nas condicións e mediante o procedemento que determine o ministro de Defensa, polas seguintes causas:

- Para cubrir os cadros de persoal daquelas especialidades que se considere necesario completar.
- Para adquirir outras especialidades que faciliten a mobilidade territorial e as adaptacións orgánicas nos Exércitos.
- Por non superar a formación específica correspondente á especialidade asignada.
- Por perda da aptitude psicofísica necesaria para desenvolver as misións que exige a súa especialidade.
- Para adquirir unha formación orientada á súa promoción profesional.

Artigo 15. *Promoción interna.*

Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven, ao menos, tres anos de tempo de servizos facilitaráselles a promoción interna, dentro do seu exército, ao ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais. Para estes efectos reservaráselles ao menos o 80 por cento das prazas convocadas e tendo en conta as características, facultades e exixencias de cada escala, poderase reservar, nalgúns casos, a totalidade das prazas convocadas.

Artigo 16. *Formación e promoción profesional.*

1. A formación nas Forzas Armadas garantirá que os militares profesionais de tropa e mariñeiría poidan adquirir, actualizar ou ampliar os seus coñecementos para un maior desenvolvemento persoal e profesional. A tal fin facilitaráselles a obtención de titulacións e acreditacións do sistema educativo xeral, en especial o título de técnico correspondente á formación profesional de grao medio, os certificados de profesionalidade e a mellora da súa cualificación a través da formación ocupacional.

2. Facilitaráselles de forma prioritaria formación en áreas relativas ás tecnoloxías da información e as comunicacións, prevención de riscos laborais, ambiente, así como cursos para a obtención dos permisos de condución e aqueloutros que se consideren de interese para o seu desenvolvemento profesional.

CAPÍTULO V

Reservistas de especial dispoñibilidade

Artigo 17. *Definición e condicións.*

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría, sempre que teñan cumpridos ao menos 18 anos de servizos e o soliciten, adquirirán a condición de reservista de especial dispoñibilidade unha vez finalizado o compromiso de longa duración ao cumpriren a idade de 45 anos.

2. A condición de reservista de especial dispoñibilidade manterase até cumprir os 65 anos de idade, a non ser que o interesado renuncie a ela, que con anterioridade a esta idade fose declarado en situación de incapacidade total, absoluta ou grande invalidez ou que se adquirise a condición de pensionista por xubilación ou retiro.

Artigo 18. *Activación e incorporación.*

1. O reservista de especial dispoñibilidade non terá a condición de militar, mais encontrárase disposto a incorporarse ás Forzas Armadas, de acordo co previsto neste artigo.

2. En situacións de crise, corresponde ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, autorizar, con carácter excepcional, a incorporación ás Forzas Armadas de reservistas de especial dispoñibilidade.

3. O Ministerio de Defensa establecerá os medios e aplicará os procedementos adecuados que permitan a incorporación dos reservistas de especial dispoñibilidade cando sexan activados.

4. O reservista de especial dispoñibilidade, cando sexa activado e se incorpore aos Exércitos, recuperará a condición de militar, manterá o emprego e a especialidade que tiña no momento de finalizar o seu compromiso de longa duración e estará suxeito ao réxime dos militares profesionais de tropa e mariñeiría. Soamente neste suposto se computará o tempo de servizos prestados para os efectos do perfeccionamento de trienios e dereitos pasivos.

Artigo 19. Dereitos e obrigas.

1. O reservista de especial dispoñibilidade percibirá unha asignación por dispoñibilidade, distribuída en 12 mensualidades, por un importe de 7.200 euros ao ano; esta contía será actualizada e poderá ser obxecto de revisión á alza nas leis de orzamentos xerais do Estado. Esta asignación por dispoñibilidade é incompatible con calquera outra retribución procedente do sector público.

2. Os reservistas de especial dispoñibilidade poderán estar voluntariamente de alta no Instituto Social das Forzas Armadas, sempre que aboem ao seu cargo as cotas correspondentes ao interesado e ao Estado.

3. A protección social dos reservistas de especial dispoñibilidade, incluída a asistencia sanitaria, estará cuberta polo réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, cando voluntariamente o desexen. Para disporen desta cobertura estarán obrigados ao pagamento da cota íntegra correspondente.

4. Cando se adquira a condición de reservista de especial dispoñibilidade, este conservará os dereitos pasivos que para si ou os seus familiares puider ter adquirido até ese momento, nos termos fixados na disposición adicional décima do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

5. O reservista de especial dispoñibilidade estará obrigado a se incorporar aos Exércitos en caso de ser activado, salvo causa de forza maior. O incumprimento desta obriga levará consigo a perda do dereito a percibir a asignación por dispoñibilidade, e poderá dar lugar á adopción doutras medidas que se fixarán regulamentariamente.

CAPÍTULO VI**Cambio de actividade profesional****Artigo 20. Acceso ás administracións públicas.**

1. O tempo de servizos prestados nas Forzas Armadas como militar profesional de tropa e mariñeiría considerarase como mérito nos sistemas de selección para o acceso aos corpos, escalas, prazas de funcionario e postos de carácter laboral das administracións públicas, nos termos que regulamentariamente se determinen, sen prexuízo das competencias que teñan as comunidades autónomas e entes locais en materia do réxime estatutario dos funcionarios. Cando as convocatorias da Administración xeral do Estado recoñezan como mérito servizos previos incluírán, en todo caso, o tempo de servizos prestados nas Forzas Armadas nas mesmas condicións e baremación que para eses servizos previos se establece na normativa vixente.

2. O Ministerio de Defensa promoverá acordos de colaboración coas administracións autonómicas e locais para que nas convocatorias de acceso ás policía autónomas e locais se reserven prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría con máis de 5 anos de servizos, así como para incentivar a posta en práctica do previsto no número anterior.

3. Nas convocatorias para o acceso a corpos ou escalas adscritos ao Ministerio de Defensa e ingreso como persoal laboral do citado departamento e dos seus organismos autónomos que se publiquen de acordo coa oferta de emprego público, reservarase, ao menos, un 50 por cento das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que cumprisen, como mínimo, 5 anos de tempo de servizos.

4. Para o acceso á escala básica de cabos e gardas do corpo da Garda Civil reservarase un 50 por cento das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven 5 anos de servizos como tales.

5. Para o ingreso na escala básica do Corpo Nacional de Policía reservarase, ao menos, o 10 por cento das prazas para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven 5 anos de servizos como tales.

Artigo 21. Medidas de incorporación laboral.

1. Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría facilitaráselles, durante a súa permanencia no servizo activo, os medios necesarios de orientación, impulso e apoio para a súa plena incorporación ao mundo laboral, ao termo do seu compromiso coas Forzas Armadas. Con este propósito despregaranse accións de formación ocupacional que complementen os perfís profesionais que faciliten o seu acceso ao emprego. Desenvolveranse programas de autoemprego e medidas de apoio á viabilidade destas iniciativas.

2. O Ministerio de Defensa xestionará e convirá con institucións públicas e entidades privadas accións orientadas á incorporación laboral dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Disposición adicional primeira. Réxime supletorio.

Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría seralles de aplicación o réxime xeral da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, nas materias non reguladas na presente lei.

Disposición adicional segunda. Cómputo do tempo de servizos.

Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que no momento da entrada en vigor desta lei presten servizo nas Forzas Armadas e a aqueles que se reincorporen a estas acolléndose á disposición transitoria primeira seranlles de aplicación, salvo renuncia expresa, o disposto no artigo 7.2, no relativo á data de inicio do cómputo do tempo de servizos.

Disposición adicional terceira. Dereitos de carácter laboral dos reservistas de especial dispoñibilidade.

O reservista de especial dispoñibilidade, cando sexa activado, terá os dereitos de carácter laboral previstos no artigo 177 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Disposición adicional cuarta. Protección por desemprego.

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal encontraranse en situación legal de desemprego, para efectos da protección correspondente, cando finalice o compromiso que teñan subscrito ou se resolva por causas independentes da súa vontade.

2. A prestación ou o subsidio por desemprego serán compatibles coa asignación de reservista de especial dispoñibilidade. Non obstante, o importe desa asignación computarase como renda para efectos do subsidio por desemprego nos termos indicados no artigo 215.3 do texto refundido da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que pasen a encontrarse en situación de desemprego serán obxecto dun seguimento activo e individualizado por parte do Ministerio de Defensa, en colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, co obxecto de lles facilitar unha rápida integración no mercado laboral.

Disposición adicional quinta. *Medidas complementarias de protección social.*

1. Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que, no momento de finalizaren a súa relación de servizos coas Forzas Armadas, se encontraren en situación de incapacidade temporal por accidente ou enfermidade derivada do servizo, ou en situación de embarazo, parto ou posparto, non causarán baixa nas Forzas Armadas e prorrogaráselles o seu compromiso até finalizar tales situacións.

2. Os alumnos aspirantes á condición de militares profesionais de tropa e mariñeiría que se encontren na situación de insuficiencia de condicións psicofísicas por accidente ou enfermidade derivada do servizo non causarán baixa no centro de formación. Acordada a finalización da situación de insuficiencia procederase conforme o disposto no réxime do alumnado.

3. O procedemento para a xestión e o seguimento das situacións descritas nos dous números anteriores establecerase regulamentariamente.

4. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que ingresen nun centro de formación da Garda Civil ou da Policía Nacional, até obterem a condición de garda civil ou de policía nacional, manterán a protección que o réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas ofrece aos militares profesionais cunha relación de servizos de carácter temporal.

5. Respecto da pensión de xubilación que poidan causar os militares de tropa e mariñeiría no correspondente réxime de Seguridade Social, aplicarase o disposto no número 2 da disposición adicional sexta do Real decreto 691/1991, do 12 de abril, sobre cómputo recíproco de cotas entre réximes de Seguridade Social.

Disposición adicional sexta. *Réxime de ascensos dos cabos primeiros e dos cabos maiores veteranos da Armada.*

De conformidade co establecido na disposición adicional décima, punto primeiro, da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas en relación coa disposición adicional terceira do Real decreto 1928/1991, de desenvolvemento da Lei 17/1989, os cabos primeiros veteranos da Armada, incluídos aqueles que alcanzasen o emprego de cabo maior, que adquirisen o dereito a permanecer nas Forzas Armadas até a idade de retiro, e superasen os 18 anos de servizo, serán convocados para realizar as probas de aptitude a suboficiais no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta Lei. Os que, encontrándose na situación administrativa de servizo activo, as superen, irán ascendendo a sarxento consonte as prazas que se convoquen para este persoal e ingresando, segundo corresponda, nas escalas de suboficiais dos corpos de especialistas da Armada, de Infantaría de Mariña e de Música Militares. Transcorrido o prazo citado de dous anos, aqueles que non optasen ás probas de aptitude ou non as superasen, manterán o seu emprego de cabo primeiro ou de cabo maior sen novas opcións para o ascenso. O ascenso a sarxento primeiro, se for o caso, concederáse conforme o previsto na lexislación en vigor.

Disposición transitoria primeira. *Reincorporación ás Forzas Armadas.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que finalizasen a súa relación de servizos coas Forzas Armadas por aplicación do artigo 95.1 e a disposición adicional cuarta, número 4, da Lei 17/1999, do 18 de maio, modificada polo Real decreto Lei 10/2002, do 27 de decembro, polo que se amplían os compromisos dos militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carac-

ter temporal coas Forzas Armadas, poderán subscribir un compromiso de longa duración, nos termos previstos no artigo 9, durante os seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei. A reincorporación realizarase, unha vez apreciada a idoneidade, ao Exército de procedencia e co mesmo tempo de servizos, emprego e especialidade que se posuían cando se causou baixa, así como ao seu último destino, nos casos en que fose solicitado e sexa posible en función das necesidades do servizo.

Disposición transitoria segunda. *Cambio na relación de servizos.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que teñan unha relación de servizos de carácter permanente no momento da entrada en vigor desta lei, no prazo dun ano a partir desta data, poderanse acoller ao compromiso de longa duración previsto no artigo 9, nas condicións que determine o ministro de Defensa. Esta opción suporá a renuncia á condición de permanente.

Disposición transitoria terceira. *Cambio no desenvolvemento profesional.*

1. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que no momento da entrada en vigor desta lei manteñan unha relación de servizos de carácter temporal, con compromisos que finalicen antes do 31 de decembro de 2006, ampliarán o compromiso até esa data, excepto renuncia expresa.

2. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que no momento da entrada en vigor desta lei manteñan unha relación de servizos de carácter temporal, ao finalizar o compromiso que teñan suscrito ou, se é o caso, a ampliación a que se refire o número 1, cesarán na súa relación de servizos coas Forzas Armadas, salvo que se acollan a esta lei exercendo unha das seguintes opcións:

a) Os que non superasen os 5 anos de servizos, mediante a renovación do compromiso, segundo o establecido no artigo 8.

b) Os que superasen os 5 anos de servizos mediante o acceso ao compromiso de longa duración, segundo o disposto no artigo 9.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime de acceso á condición de permanente.*

Os requisitos de tempo de servizos e titulación previstos na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime de persoal das Forzas Armadas, seguirán sendo de aplicación, para o acceso á condición de permanente, aos que sexan militares de tropa e mariñeiría á entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 19, 46, 49, 66.6, 76, 92 a 96 e 122 a 125 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, así como da súa disposición derradeira quinta o número 2 e os números 1 e 3, no que se refire a tropa e mariñeiría, o artigo 27.3 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, e todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Militares de complemento.*

1. Os militares de complemento, ao finalizar o seu compromiso poderán subscribir un novo por un máximo de tres anos, sen estaren sometidos ás limitacións de tempo de servizos ou idade previstas na Lei 17/1999, do 18

de maio. A lei que actualice o réxime do persoal militar profesional establecerá a nova regulación dos militares de complemento.

2. Os militares de complemento que finalizasen a súa relación de servizos coas Forzas Armadas por aplicación do artigo 91.1 e número 2 da disposición adicional cuarta da Lei 17/1999, do 18 de maio, modificada polo Real decreto lei 10/2002, do 27 de decembro, polo que se amplían os compromisos dos militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal coas Forzas Armadas, poderán subscribir un compromiso conforme o disposto no número anterior, dentro dos 3 meses seguintes á entrada en vigor desta lei. A reincorporación realizarase, unha vez apreciada a idoneidade, ao Exército de procedencia e co mesmo tempo de servizos, emprego e especialidade que se posuían cando se causou baixa, así como ao seu último destino, nos casos en que fose solicitado e sexa posible en función das necesidades do servizo.

Disposición derradeira segunda. Novo réxime do persoal militar.

O Goberno, no prazo de 3 meses desde a entrada en vigor desta lei, deberá remitir ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei que actualice o réxime do persoal militar profesional cunha estrutura de corpos e escalas renovada na cal os militares de tropa e mariñeira se integren en escalas e aqueles que manteñan unha relación de servizos de carácter permanente adquiriran a condición de militares de carreira. No mesmo tamén se establecerá o réxime dos militares de complemento, os dereitos de carácter social que corresponden a todos os militares profesionais, así como as disposicións sobre reordenamento de escalafóns nas escalas auxiliares e corpo auxiliar de especialistas (oficiais) do Exército de Terra.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

7409 *ORDE EHA/1199/2006, do 25 de abril, pola que se desenvolven as disposicións do Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, relativas ás institucións de investimento colectivo de investimento libre e as institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre e pola que se habilita a Comisión Nacional do Mercado de Valores para ditar diversas disposicións. («BOE» 99, do 26-4-2006.)*

As Institucións de Investimento Colectivo (IIC) convertéronse nun dos instrumentos de aforro máis estendidos

do sistema financeiro español. O desenvolvemento alcanzado nos últimos anos determinou a existencia dun marco normativo adecuado que se plasmou na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e no Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 35/2003.

Unha das novidades máis significativas do Regulamento de IIC foi a regulación, por vez primeira no noso país, das IIC de investimento libre e das IIC de IIC de investimento libre ou o que se coñece, máis comunmente, como «hedge funds» e fondos de «hedge funds».

A presente orde é especialmente relevante para que a industria do investimento colectivo española poida operar coa innovadora figura do investimento libre, dentro dos necesarios parámetros de seguridade xurídica, ponderando por igual os principios de flexibilidade e protección do investidor. Trátase, xa que logo, de dar desenvolvemento e plenitude ao réxime xurídico establecido polo Regulamento de IIC no ámbito do investimento libre.

Para isto, o ministro de Economía e Facenda fai uso da habilitación xeral para ditar as disposicións necesarias para o cumprimento e a execución do regulamento contida na súa disposición derradeira única.

Ademais, para terminar de perfilar o réxime xurídico do investimento libre, tras a lei, o regulamento e a presente orde, faise preciso que a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), determine os aspectos máis técnicos da ordenación do investimento colectivo de investimento libre. Con este fin, a presente orde habilita o órgano supervisor do mercado para que dite as disposicións necesarias para dar eficacia ao contido desta.

Así, esta orde ten como obxecto fundamental o desenvolvemento do réxime xurídico das IIC de investimento libre e das IIC de IIC de investimento libre, abordando, en primeiro lugar, o réxime de investimento e a política de endebedamento. Neste sentido, acláranse cales son os elementos que deben estar incluídos no cómputo do límite de endebedamento e cales excluídos. A continuación, desagreganse os activos nas IIC de IIC de investimento libre poden investir o coeficiente obrigatorio do 60 por cento establecido polo Regulamento de IIC.

En segundo lugar, establécense os criterios xerais relativos ao cálculo do valor liquidativo das participacións e accións de IIC de investimento libre e ás IIC de IIC de investimento libre.

En terceiro lugar, desenvólvense aspectos concretos do dereito de reembolso e do réxime de valores liquidativos estimados.

En cuarto lugar, abórdase o desenvolvemento de determinados aspectos das sociedades xestoras e depositarios, así como o réxime dos activos dados en garantía polas IIC de investimento libre.

Por último, no texto articulado especificase como debe efectuarse a subscripción do documento de consentimento do investidor.

Ademais, na disposición adicional única da presente orde habilitase a CNMV para ditar as disposicións necesarias para o cálculo da comisión de xestión sobre resultados, situándose esta habilitación fóra xa do ámbito do investimento libre.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto desenvolver o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, reguladora das institucións de investimento colectivo (en diante, IIC), aprobado mediante o Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, no relativo ao réxime xurídico das IIC de investimento libre e das IIC de IIC de investimento libre e das sociedades xestoras e os depositarios destas, así como habilitar a Comisión Nacional do Mercado de Valores (en diante, CNMV)